


CICLO DE CINEMA GALEGO-PORTUGUÉS, 2ª EDICIÓN

Mulleres, patrimónios, sociedade

Multicines Norte

Vigo

26, 27 e 28 de setembro de 2019



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Este ciclo de cine galego-portugués ten como obxectivo promover o intercambio cultural entre Galicia e Portugal. Despois dunha primeira edición, que tivo lugar en Braga no 2018, centrada fundamentalmente no cine galego e de fronteira, a segunda realizarase en Vigo os días 26, 27 e 28 de setembro, cuxos temas serán a situación das mulleres e a súa relación cunha sociedade normalizadora e, novamente, o patrimonio, xa que consideramos importante a visibilización da muller en relación con ambas as realidades na actualidade, a patrimonial e a social.

Este ano desenvolverase un ciclo estruturado en tres xornadas continuas nas que se proxectarán en cada unha delas unha curtametraxe e unha longametraxe, seguidas dun debate-coloquio co público participante. As institucións implicadas son o Consello da Cultura Galega, o Camões-Instituto da Cooperação e da Língua, I. P., a Universidade do Minho (UMinho) e a Vigo Film Of. ce.

Os obxectivos desta segunda edición son:

- Promover o intercambio lingüístico-cultural a través das rexións que poidan xurdir no debate previsto en cada xornada de proxección. A actividade procura ser unha transferencia cultural transfronteiriza de ida e volta.
- Difundir o patrimonio cultural galego en Portugal e portugués en Galicia, así como a súa relación coa sociedade, servíndose das posibilidades que ofrece o soporte audiovisual.
- Visibilizar a realidade portuguesa e galega, ofrecendo unha visión positiva e punteira de produtos culturais que se están a xestar no panorama actual. Para tal fin estase levando a cabo unha selección de proxeccións que na súa totalidade tiveron ou teñen impacto nas sociedades portuguesa e galega, tanto polo recoñecemento público como por obteren diferentes premios nacionais e internacionais.
- Visibilizar e promover a rexión sobre temáticas sociais de relevancia transversal e, xa que logo, de grande interese no ámbito galego e tamén no portugués. Trátase de tres xornadas que procuran poñer en valor a figura das mulleres e rexionar sobre a súa interacción co patrimonio e a sociedade.
- Promover a colaboración entre institucións portuguesas e galegas, reservándolle a cada unha delas un papel relevante no ciclo en termos de participación, acollemento, financiamento e condución dos diferentes eventos ou actividades.

PROGRAMA

26 de setembro

19.00 horas

Inauguración

MULLERES

19.15 horas *Tódalas mulleres que coñezo* (2018)

Dirección: Xiana Teixeira

20:45 h. *Entre sombras* (2018)

Dirección: Mónica Santos e Alice Guimarães

21:00 h.

Debate: Xiana Teixeira (directora de *Tódalas mulleres que coñezo*), Rebeca Blanco Rotea (Consello da Cultura Galega), Encarna Otero (Consello da Cultura Galega) e Alexandra Esteves (UMinho)

27 de setembro

PATRIMONIOS

19:00 h. *Alentejo, Alentejo* (2013)

Dirección: Sérgio Tréfaut

20:45 h. *Tempo de colleita* (2018)

Dirección: Félix Blume

21:20 h.

Debate: Sara Traba (directora de cine), María del Sol Palomo (Ialma), Faia Díaz Novo (De Vacas) e Noemí Basanta (UMinho)

28 de setembro

SOCIEDADE

19:00 h. *Volta à terra* (2014)

Dirección: João Pedro Plácido

20:20 h. *Cando mamá pechou as caixas* (2018)

Dirección: Arancha A. Brandón

21:40 h.

Debate: Arancha A. Brandón (directora de *Cando mamá pechou as caixas*), Amada Traba (UVigo), Noemí Basanta (UMinho) e José Gabriel Andrade (UMinho)

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega

Universidade do Minho

Centro Cultural Português do Camões IP em Vigo

COLABORA

Vigo Film Office

Comissão Temática de Promoção e Difusão da Língua Portuguesa dos Observadores

Consultivos da CPLP

COORDINA

Noemí Basanta

Rebeca Blanco Rotea

Manuela Martins

Encarna Otero

Sara Traba

LUGAR

Multicines Norte

Vía Norte, nº 22

Vigo

ASISTENCIA

A entrada é libre e gratuita ata completar a capacidade da sala.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal



COLABORA

